


USO EXCESIVO DE ANTIBIÓTICOS EN ATENCIÓN PRIMARIA

O uso de antibióticos en atención primaria durante 2017, 32'0 doses diarias definidas por mil habitantes e día (DHD), sitúan a Galicia no segundo lugar de maior consumo nese ano, segundo se desprende dos datos de uso que ven de publicar o Centro Europeo para o Control e a Prevención das Enfermidades (ECDC) na súa páxina web [ligazón].

A figura que acompaña este texto indica a posición do uso en Galicia a respecto dos outros vinte e sete países de Europa que enviaron datos ao ECDC, dende o de menor uso, Holanda con 10'0 DHD, ata o de maior, Chipre con 33'6 DHD, porque este ano Grecia, que tivo o uso máis elevado en 2016, non enviou datos. O uso de antibióticos cuantifícase, segundo recomenda a OMS, en DHD, e fai referencia aos antibióticos de uso sistémico agrupados na rúbrica J01 da clasificación ATC/DDD [ligazón].

Ademais, como en anos anteriores, coincidindo coa semana de concienciación sobre o uso prudente dos antibióticos [ligazón], a DXSP publica o informe sobre o seu uso en Galicia durante o ano anterior, neste caso 2017 [BEG], que amosa que ademais de receitar demasiados antibióticos, en certa medida estes están mal seleccionados. En concreto, o uso ambulatorio de antibióticos de Galicia, comparado co dos países de Europa en 2016 (aínda non estaban publicados os de 2017), foi excesivo, especialmente no que atinxe ás penicilinas e ás



quinolonas, feito que só se pode explicar porque se prescriben antibióticos cando son innecesarios; e ponse de manifesto tamén, que hai un uso excesivo dos de amplo espectro en relación aos de espectro reducido, feito que, dende o punto de vista do control das resistencias a antibióticos, suxire unha mala selección do tratamento.

Especialmente negativa é a proporción que en Galicia supoñen as receitas de amoxicilina con ácido clavulánico, que en 2016 (cun 42% das DHD) foi das máis elevadas de Europa (mediana, 24%; máximo, 44%), mentres as de penicilinas sensibles a betalactamasas (penicilina G ou V), cun 0'2% das DHD, foi a máis baixa (mediana, 1'4%; máximo 5'2%). Combinados, estes achados suxiren que poderían evitarse moitas prescricións de amoxicilina con ácido clavulánico, ben por non ser necesario un antibiótico, ben por ser preferible un antibiótico de espectro máis reducido.

A comparación con Europa permite constatar tamén que en Galicia hai un uso excesivo de fluoroquinolonas e mais o de cefalosporinas de terceira xeración (cefotaxima, cefixima). O informe remata, como en anos anteriores, coa seguinte recomendación sobre o uso de antibióticos en atención primaria de Galicia **urxe**: [1] Reducir o uso de amoxicilina-clavulánico, fluoroquinolonas e cefalosporinas de terceira xeración (cefotaxima, cefixima); e [2] Aumentar o uso de penicilinas sensibles a betalactamasas (penicilinas G ou V).

CAMPAÑA DE VACINACIÓN ANTIGRIPEAL E DÍA MUNDIAL DA PNEUMONÍA 2018

Dende o pasado 22 de outubro e ata o vindeiro 28 de decembro estase a desenvolver a Campaña de vacinación antigripal en Galicia, que basicamente repite a poboación diana dos anos pasados.

Os resultados acadados, nesta cuarta semana da campaña, reflicten unha lixeira melloría dos datos en poboación >64 anos, subindo medio punto a cobertura a respecto da mesma data do ano anterior, acadando o 41'07%. Isto supón que hai neste momento rexistradas 276.365 persoas vacinadas, 6.070 máis que na campaña anterior.

Hai certas diferenzas entre áreas, pero todas melloran. Nos colectivos de especial interese, incrementouse en máis dun 50% o número de mulleres embarazadas con respecto a este mesmo momento da campaña 2017; e entre os profesionais sanitarios, que este ano comezaron antes a súa vacinación, hai 2.796 profesionais vacinados máis que o ano anterior.

Aínda quedan 6 semanas de campaña e hai que seguir recordando a vacinación nos contactos cos pacientes.

Compre tamén lembrar que o obxectivo primordial desta

campaña é diminuír o número e a gravidade das complicacións derivadas de padecer a gripe e o seu impacto na saúde da poboación. Dentro das complicacións habituais da gripe encóntrase a pneumonía, unha enfermidade moi frecuente, con máis de 100.000 hospitalizacións anuais no estado, e da que este 12 de novembro se celebrou o "Día mundial contra a pneumonía".

En Galicia existe un compromiso pola vacinación contra esta enfermidade e dende o ano 2017 (no que se publica o calendario de vacinación do adulto) indícase a vacinación de todas as persoas aos 65 anos coa vacina antipneumocócica conxugada, que se complementa aos 66 anos coa vacina antipneumocócica de polisacáridos. No primeiro ano de implantación desta vacinación acadouse unha cobertura do 28'98% nas persoas nadas en 1952, primeira cohorte a vacinar. Nunha aposta integral, esta vacinación antipneumocócica tamén forma parte do calendario infantil de vacinación desde o ano 2011 e se indica e financia para todas aquelas persoas, de calquera idade, que pertencen aos grupos de especial risco para esta enfermidade.

APÉNDICE